

Falemos do transporte interurbano (metropolitano), unha vez máis

Esta é a nosa postura; cada quen que explique a súa

Nós somos partidarios dos servizos "PÚBLICOS" xestionados dende as administración "PÚBLICAS" e supervisados polos servizos técnicos: os funcionarios da administración.

TRANSPORTE METROPOLITANO

Tódolos grupos, agás AER, deron os seus parabéns a que Redondela se integrara no Transporte Metropolitano coas condicións "impostas" pola Xunta de Galicia, nas que se obriga aos concellos a subvencionar unha parte do billete e ao mantemento das infraestruturas, aínda que deixen de ser membros dese transporte. Os servizos técnicos, xurídicos e económicos do Concello de Redondela (e doutros concellos) **emitiron un informe desfavorable**. Pero os grupos políticos, agás AER, seguen apoiando o convenio suscrito sobre o Transporte Metropolitano.

As empresas de transportes non teñen obriga algunha, nin económica nin de ningún tipo. Cantos máis viaxeiros, máis cobran; e nin sequera teñen que gastar en promocionar o transporte público, porque corre a cargo das administracións. Non hai límite de ingresos nin compensación polo aumento de usuarios. AER maniféstase en contra.

TRANSPORTE URBANO DE VIGO EN CONEXIÓN CO METROPOLITANO

AER critica que non se teña implantado porque o PP e a Xunta, en vez de recorrer aos xulgados como establece o convenio asinado co Concello de Vigo, emprenden unha liorta con Vigo (Abel Caballero) e paralizan a constitución da Área Metropolitana. Coa que tampouco estamos dacordo nos termos en que está redactada. Por outra banda, o Concello de Vigo, Abel Caballero, implanta a tarxeta PassVigo que discrimina por empadramento, en contra da lexislación vixente. **Abel Caballero négase a recibir a ningún grupo político ou asociación de Redondela**, e descoñecemos cal é a súa proposta. Ninguén a pon enriba da mesa para podela analizar. Algúns din que existe, pero nós descoñecemos que propón.

A día de hoxe, despois do contencioso interposto polo Concello de Redondela, a PassVigo está accesible para tódolos usuarios que a soliciten debido á "medida cautelar" establecida polo xuíz, en tanto non se determine sentenza definitiva... que poderá ser recorrida.

RESUMO

- AER está en contra de que o Concello de Redondela pague unha parte do Transporte Metropolitano e compartimos o que din os informes dos técnicos do Concello de Redondela e doutros concellos.

- AER está en contra de que o Concello de Vigo estableza diferencias por cuestión de empadramento, tal e como establece a lei.

Aclaración: Os descontos a colectivos concretos son posibles, pero non discriminando por motivos de empadramento.

Aclaración 2: O PP de Redondela declara, no conflito con Vigo, seguir o que determinan os servizos técnicos do Concello. Por que non fixo o mesmo cando se asinou o convenio do Transporte Metropolitano?

AER quiere servizos públicos PÚBLICOS, non privatizando a súa xestión como fixeron PP, PSOE e BNG de Redondela con:

- Piscina de Chapela.
- Piscina de Redondela.
- Servizo de Recadación.
- Abastecemento de auga e Saneamento.
- Recollida do lixo.
- Aparcadoiro público da Xunqueira (90 anos de concesión!!!).
- Limpeza de edificios públicos.
- Atención a persoas dependentes.
- Servizo de grúa.
- Etc.

**ESTA É A NOSA POSTURA.
QUE CADA QUEN EXPLIQUE A SÚA.**

Segundo apareceu nos medios, **o Concello de Vigo fala dunha repercusión económica de centos de miles de euros para Vigo**. Estima que o custe do bono ordinario, só para veciños de Chapela, tería un custe de entre 100.000 e 150.000 euros, sen contar os dos pensionistas e xubilados.

Imos dar por válida a cantidade máis alta: 150.000 €. Dita cantidade supón 306.122 viaxes da veciñanza de Chapela, que bonifica Vigo con 0,49 € cada viaxe (306.122 x 0,49 = 150.000). Pero non hai que esquecer que cada usuario paga 0,86 € por viaxe. Polo cal Vitrasa estaría ingresando por estas viaxes 263.265,31 €, ademais dos 150.000 € do Concello de Vigo. Ou sexa, Vitrasa estaría ingresando uns 413.265,31€ polo servizo que fai en Chapela. A esta cantidade hai que engadirlle a parte proporcional que Vigo recibe de subvención ao transporte público, nas que se contemplan variables como usuarios e quilómetros de recorrido. Neste caso o ingreso é para o Concello de Vigo.

Iso falando exclusivamente de VITRASA, porque **tamén hai que falar doutras empresas viguesas, grandes e pequenas, que ingresan cartos grazas ás viaxes da veciñanza de Chapela**. Dado que as viaxes son de ida e volta, cos datos de antes podemos considerar que 153.061 persoas van e veñen a Vigo desde Chapela durante un ano. Canto gastan cada vez que van a Vigo ademais do bus? Algún café, algunha compra nun súper, nun comercio, nun quiosco... Certo que moitos días gastarán pouco, pero outros días seguro que gastan moito. Poñan vostedes un gasto medio, e multi-

pliquen por 153.000 viaxes a Vigo. Só calculando un gasto medio de 5 € por cada veciño de Chapela que usa esas viaxes, **podemos estar falando de 765.305 € que a veciñanza de Chapela deixa en Vigo.**

Que aporta a veciñanza de Chapela ás empresas de Vigo nas que traballan? Pois as "plusvalías": o valor do traballo que non se cobra, que vai á empresa. **Beneficio empresarial para empresas de Vigo.**

Nesta reflexión non queremos entrar a falar dos enormes prexuízos que ten causado a proximidade de Vigo ao territorio de Chapela, deixámolo que outros o consideren.

Realmente, pensan en Vigo que 150.000 € para que os veciños de Chapela, que non usan o transporte privado para ir á cidade contribuíndo a facela máis habitable, é moito?

Resulta difícil de entender cal é o concepto de Área Metropolitana que ten o alcalde de Vigo e algúns outros.

Saben canto recibe o Concello de Redondela por contribuír a un transporte público para o que non ten competencias como é o Transporte Metropolitano? Pregúntenllo aos membros da corporación, grupos políticos, que aínda hoxe están a reivindicar que Redondela pague por unha competencia que non lle corresponde.

Asembleas semanais abertas, ánimate a participar!!! NÓS SOMOS VÓS, XUNTOS DECIDIMOS!

AER segue cos encontros coa veciñanza no **Multiusos da Xunqueira, todos os mércores ás 19:30** para escoitar e atender, na medida do posible, as demandas, cuestións e inquiredanzas da veciñanza. Ademais, ao ser de acceso libre, aqueles veciños/as que asistan, poderán aportar aos debates, enriquecendo estes e colaborando co presente e futuro do noso concello.



Síguenos en



facebook.com/AERedondela



twitter.com/AER_Redondela

Correo electrónico: info@aeredondela.com

www.aeredondela.com

**BOLETIN Nº5 I
2 MAIO 2018**